


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

12-13 de xuño do 2021

XI DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 4 Amigos nas penas*

Celebrante

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a nosa fe en comunidade. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe, non hai tempo para nada, todo son presas, todo ten que ser inmediato. O que hoxe é noticia, en breve deixa de selo. Só vale o inmediato.

En cambio Xesús propón un xeito diferente. No evanxeo de hoxe ponnos coma exemplo o medrar dunha planta. Porque unha planta medra dun xeito constante, de día e de noite. Porque medra cunha finalidade clara, a de dar froito. Porque medra sen medo de empezar sendo nada máis que unha pequena semente pero que se sabe chamada no tempo a dar froitos abondosos.

Este é o camiño da nosa vida: sen medos, coa constancia do día a día, e coa mirada posta, non no inmediato, senón no dar froitos a longo prazo. Temos a responsabilidade de soñar e crer ao grande.

Con Xesús temos a tarefa de sementar evanxeo, crendo que se o facemos hoxe, mañá teremos os froitos.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Dende logo que vale a pena compartir con todas as persoas dende esta actitude da constancia, dende o día a día, dende a valentía de querer dar froitos abondosos. Así queremos pedir perdón e renovar con Xesús os nosos compromisos pois así foi como el viviu:*

Monitor/a

➤ **Comprometémonos a vivir saboreando as pequenas cousas do día a día?**

SI COMPROMETÉMONOS

➤ **Comprometémonos a mirar a realidade sen medo a ser pequenas sementes dun mundo mellor?**

SI COMPROMETÉMONOS

➤ **Comprometémonos a poñer todo o que estea nas nosas mans para algún día dar froitos abundantes?**

SI COMPROMETÉMONOS

Celebrante *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que viven con tanta presa que non saborean a vida de cada día. A todos nos conceda o perdón e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante *Rematamos a primeira parte da celebración comprometéndonos a ser froitos na vida de cada día. Hoxe necesitamos dar froitos de igualdade ante tantas traxedias de violencia de xénero.*

(silenzo)

Celebrante

Deus, Noso Pai, Ti es a fortaleza dos que esperan en ti. Atende con bondade as nosas súplicas e dános o auxilio da túa graza, pois sen ti nada podemos.

Así fieis á túa palabra poderemos agradarche cos froitos da nosa vida.

Así o fixo Xesús, e por El, pedímoscho a Ti, que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Monitor/a:

Escoitar con presas non é escoitar. A Palabra de Deus é vida cando a acollemos, cando deixamos que sexa en nós semente, cando con ela medramos sen medo, deixando que co tempo cheguen os froitos. Por iso as palabras que agora escoitamos non son froitos, son só semente plantada na nosa vida.

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA EZEQUIEL

Así fala o meu Señor, Iavé:

- Eu collerei das ramas do cedro a máis alta e fixareina;
dos gallos máis novos arrincarei un retoño,
e plantareino nun monte alto e elevado,
no monte elevado de Israel plantareino;
botará gromos e dará froitos
e volverase un cedro magnífico;
aniñarán debaixo del todos os paxariños,
todas as aves aniñarán á sombra das súas ramas.
Entón todas as árbores do monte
caerán na conta de que eu, o Señor,
derreo a árbore ergueita
e levanto a árbore derreada;
seco a árbore verde
e fago florecer a árbore seca.
Eu, o Señor, díxeno e fareino.

Palabra do Señor

♪ 41 *Quen nos vai separar de Ti?* SALMO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, dille Xesús á multitude:

- Así é o Reino de Deus: coma un home que bota a semente na terra, e, durma ou estea esperto, sexa de noite ou de día, a semente agroma e medra, sen que el chegue a saber como. A terra vai dando froito por si mesma: primeiro herba, logo espigas, e por último o gran ben abundante na espiga. E cando xa está maduro o froito, de seguida se lle mete o fouciño por ser o tempo da seitura.


E tamén dicía:

- Con que compararemos o Reino de Deus? É coma o gran de mostaza, que cando se sementa na terra é a máis miúda de todas as sementes. Pero despois de sementala, medra ata ser a maior de todas as hortalizas, chegando a botar unhas polas tan grandes que na súa sombra poden vir aniñar os paxaros.

E así con moitas comparanzas coma estas, íalles mostrando a mensaxe, de xeito que puidesen entender. Non lles falaba máis que en parábolas, pero logo explicáballelas aos seus discípulos.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Palabra remoída

- Primavera e verán son tempos de moito traballo no campo. Preparar a terra, sementar, regar... convértense en traballos que van enchendo o cotián de esforzo, preocupación, pero tamén na alegría de ir vendo como pouco a pouco os froitos van saíndo, crescendo, madurando... sentindo que o esforzo vai pagando a pena. Inda que tamén é verdade que por moito que nós poñamos da nosa man, precisamos que o tempo acompañe para que no seu momento poidamos gozar do froito recollido. Pois así é tamén a nosa vida; precisa de traballo e esforzo da nosa parte para que avance, se renove e non quede estancada na nostalxia do pasado nin na melancolía do que noutro tempo foi. E sen esquecer, inda que moitas das veces o fagamos, que a realidade da vida non é unha ciencia exacta, e que polo tanto non

podemos controlar todas e cada unha das variables que nela se dan. O que non obsta para que sigamos poñendo, cada día, o mellor de nós á hora de acadar todo canto nos fai persoas máis xustas, dialogantes e que facemos da tolerancia a raíz desde a que desenvolver as nosas relacións cos demais.

- E todo o anterior precisa tamén de que sexamos persoas de bo ánimo, capaces de non converter o negativo en principio desde o que analicemos, valoremos e nos achegemos a canto nos pasa a nós e aos demais.



Neste esforzo a fe ten que ser mestra que nos vai abrindo camiños e mostrando vieiros polos que temos que ir percorrendo a vida. E no canto de tentar escapar e refuxiarnos no de sempre, ela ha mobilizarnos a novos retos, novas estratexias, novas formulacións e maneiras de tratar de ser máis felices e capaces de traballar con outras persoas coas que nos imos topando nas tarefas e esforzos por buscar colaboración e dispoñibilidade para mostrar que somos fillas e fillos do Deus que nos creou a súa imaxe.



- E para iso temos que estar permanentemente sendo quen de sementar a mellor das sementes, tratando que esta caia tamén na mellor das terras.

Chámasenos a tentar aprender, descubrir cousas novas, e a non quedarnos no laio de quen, na súa comodidade, se vai quedando no: eu non sei, non podoo, non son capaz... sen intentalo. Sexamos logo persoas sementadoras da boa nova de que outro mundo é posible, facendo del Casa común que coidamos.

(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Neste encontro parroquial no que renovamos os nosos compromisos con Xesús, queremos coma EL, medrar paseniño, día a día, coma sementes que queren dar froitos abundantes. Dicimos*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

*Credes en Deus Pai e Nai,
creador do ceo e máis da terra,
que pon nas nosas mans o facer do mundo casa común,
e fogar acolledor para todas as xentes?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes en Xesús,
o seu fillo benquerido,
que viviu nesta terra dando comezo
ao Reino feito evanxeo?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes no Espírito Santo,
que nos alenta para dar resposta ao Señor
co noso bo facer de cada día,
facéndonos cribles como igrexa
que sementa o evanxeo da vida?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos a Deus Pai, e como comunidade poñamos nas súas mans os nosos mellores froitos para esta sociedade na que vivimos.*

*Oremos dicindo **Pai, axúdanos a medrar***

Monitor/a

✓ Pai, estamos dando froitos nos camiños da igualdade, pero aínda nos queda moito por mellorar, por iso dicimos con fe

✓ Pai, estamos sementando responsabilidade no coidarnos e coidar dos demais, pero aínda nos queda moito por curar, por iso dicimos con fe

✓ Pai, estamos compartindo en comunidade, pero aínda hai moitas persoas que viven rexeitadas e se sinten soas, por iso dicimos con fe

✓ Pai, estamos preocupados e doídos co sucedido coas nenas de Tenerife. Queremos ser sementes de tolerancia, respecto, por iso dicimos

✓ Pai, vivimos nunhas aldeas de rural que non poden perder a esperanza dunha natureza ben coidada, por iso dicimos

Celebrante: *Deus Pai, escoita as nosas pregarías, e énchenos do alento que levaba a Xesús a sementar evanxeo. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Fiándonos dos consellos de Xesús, querendo ser testemuñas da súa vida imos rezar, sen presas, sabendo que a oración non é para froitos inmediatos, é para expresar confianza: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús acollía e transmitía paz e esperanza a todos, aínda que non foran máis que sementes. Coma El sexámolo tamén nós aportando froitos de esperanza e paz nestes momentos de pandemia e dificultade, sendo coidadosos con nós, con todos e con todo.*

COMUÑÓN

Celebrante: *A mesa da Fe é anticipo da mesa do Reino; participar nela é comprometer a vida en construír un mundo que sexa todo el mesa compartida, un mundo que non lle vire as costas a ninguén, un mundo de sementes chamado a dar froitos.*

Ditosos todos nós, convidados a este pan do Señor. Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 43 Non vou só** ou **nº 114 Sementar sementarei**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Oramos a Ti, Señor, porque seguros da túa bondade dásnos no evanxeo un exemplo e unha garantía da nosa salvación. Fai que todo o que hoxe celebramos nos leve vivir na constancia do día a día, sen medos e dando pequenos froitos en todo o que dicimos e facemos. Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

Con Xesús, cremos que vale a pena facer evanxeo sementándoo hoxe, para que mañá se faga froito.

Con Xesús queremos escoitar a Deus e queremos facer crible que non hai que ter medo a ser semente dun mundo máis acolledor na igualdade.

Con Xesús queremos soñar e así facernos cribles, aínda que as nosas mans non sexan máis que unhas humildes e pequerrechiñas sementes.

***Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.***

Avísase das misas (ver folla do mes).



“Moito máis que unhas simples sementes”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe